

ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS

Dona con DNI/NIE

DECLARO

Ter solicitado e/ou percibido as axudas e/ou subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes que se indican:

1 Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc.):

Administración, organismo, ente ou sociedade á que se lle solicitou:

Data da solicitude: data da concesión: contía íntegra mensual:

Período polo que se lle concedeu: desde ata

2 Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc.):

Administración, organismo, ente ou sociedade á que se lle solicitou:

Data da solicitude: data da concesión: contía íntegra mensual:

Período polo que se lle concedeu: desde ata

Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas competentes.

Asdo.:

, de de 200

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 4 de maio de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se publica a acta da mesa sectorial do 19 de decembro de 2006 pola que se dá fin á negociación do acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación.

Unha vez autorizado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de 22 de marzo de 2007, e publicado no DOG 78 de 23, de abril, o acordo polo que se melloran as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación, o director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento

to Profesional, de acordo co compromiso adoptado por esta administración coas organizacións asinantes do citado texto,

RESOLVE:

Publicar a acta de negociación de mesa sectorial do persoal das institucións sanitarias do Sergas con respecto ás condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación que se reproduce no anexo.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2007.

Antonio Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

ANEXO

Acta de mesa sectorial do 19 de decembro

En Santiago de Compostela ás 11.30 horas do día 19 de decembro de 2006, no edificio administrativo do Sergas, logo da convocatoria realizada para os efectos, reuníronse os membros da mesa sectorial, coa seguinte orde do día:

-Punto único: negociación do acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación.

Logo da negociación mantida coas organizacións sindicais e co voto favorable das partes representadas, recóllense os seguintes compromisos:

Determinarase unha data para asinar o acordo formal unha vez superados os trámites, autorizacións e informes preceptivos para a citada sinatura. Xa que logo, a vontade manifestada nesta acta queda suxeita aos requisitos formais para a súa legalidade.

1. Manifestar o consenso sobre a proposta do acordo: todas as organizacións sindicais por orde de intervención: CEMSATSE, CC.OO, CSI-CSIF, UXT e CIG amosan o seu acordo.

2. Xornada: o límite de xornada complementaria en termos de número de gardas anuais eliminouse do debate por ter un ámbito de discusión e incidencia superior ao dos residentes en formación. O debate sobre esta materia retomárase no ámbito negociador de mesa sectorial no momento que se negocie a xornada complementaria dentro do calendario de negociación da mesa sectorial do primeiro semestre de 2007.

3. Retribución da atención continuada: no suposto do data 30 de setembro de 2007, as contías acordadas para a retribución da atención continuada resulten inferiores á media nese momento vixente no Sistema Nacional de Saúde (referencia: valor hora) iniciárase na comisión de seguimento do acordo o procedemento para a súa revisión e adecuación.

4. Compromiso de negociación: no último trimestre de 2008 procederase ao inicio dunha nova negociación das condicións de traballo e retributivas do persoal residente, con tratamento na mesa de negociación.

5. Resolución previa de conflitos: co obxecto de reconducir ao ámbito negociador do acordo os conflitos e incidencias que poidan suscitarse en materias recollidas nel, trataranse no seo da comisión de seguimento.

6. O texto presentado nesta mesa sectorial engádesse como anexo a esta acta coa consideración de preacordo.

Pola Administración:

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de RR.HH.
e Desenvolvemento Profesional

Santiago Ares Martínez
Subdirector xeral de Procesos Asistenciais
Ana Comesaña Álvarez
Subdirectora xeral de Políticas de Persoal
Javier García Caeiro
Xefe do Servizo de Desenvolvemento Profesional
María Ponte García
Xefe do Servizo de Relacións Laborais
Paula Oliete Trillo
Xefe da Sección de Relacións Laborais
Alberto López Suárez
Subdirección xeral de Réxime Xurídico,
Recursos e Reclamacións

Polas organizacións sindicais:

Javier Martínez Fente (UGT)
Juan Miguel Antelo (CC.OO)
Cándido Andión Núñez (CEMSATSE)
José Manuel Blanco Docanto (CEMSATSE)
Xoán Cons Pintos (CIG)
Begoña Peiteado Garrido (CIG)
José Berdullas Barreiro (CIG)
Marta Ocampo Fontangordo (CIG)
Pilar Oviedo González (CEMSATSE)
Leocadio Castells Conejero (CEMSATSE)
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez (CSI-CSIF)

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 4 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncian os postos de traballo vacantes que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado pola Orde do 20 de outubro de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 31 de outubro).

De conformidade co establecido na base décimo terceira da Orde do 20 de outubro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* do 31 de outubro), esta secretaría xeral

RESOLVE:

Anunciar as vacantes definitivas que serán obxecto de provisión no concurso de traslados que se cita e que figuran no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria